

A pegada múltiple de Francisco Carballo segue viva na memoria pola presenza da súa obra e polo esforzo que mantén desde Maceda a Asociación de Amigos, fundada en 2014. Neste 2025 cúmprese o centenario do nacemento de Carballo e medran as iniciativas para que diversas celebracións revitalicen o exemplo do seu compromiso intelectual permanente. Este sábado arranca o primeiro encontro na súa vila natal.



TEXTO E FOTOS XAN CARBALLA

FRANCISCO CARBALLO

Unha árbore de cen anos

Nunha sesión de fotos na rúa do Príncipe en Vigo, cando foi candidato nas listas ao congreso do BNG, en 1982.



Un home de conviccións

A miña lembranza primeira de Carballo, é de 1977. Do tempo da militancia política intensa. Reflexionando sobre o tempo co que despois o puiden tratar na Asociación Cultural de Vigo como xa cotianamente na redacción de *A Nosa Terra*, sempre pensei que a contribución de Carballo naquela época foi un factor de moito peso polo acompañamento que daba unha persoa militante da súa idade (eran moi necesarias e poucas por desgraza nese momento histórico) e pola súa capacidade de reunir equipos ao seu redor, acompañándoos e deixándolles facer o seu propio vó. Profesor magnífico, esas dotes didácticas deitounas toda a vida en calquera conversa que tiveses con el. Quizais guiado pola idea expresada naquelas mañás de entrevista en Marín, "divulgar vennos de assimilar a corrente da Ilustración e as posteriores a través de Marx e da historiografía actual, de que que a ciencia non é para un grupo de intelectuais. A ciencia é para transformar o mundo. Se non se comunica non serve de nada. Estamos na postura da aceptación da realidade social, da necesidade de transformación con apoio no valor do ser humano, da súa dignidade igualitaria no fundamental. Divulgar o que sabes é esencial. O valioso está en comunicar o coñecemento".

Dúas fotos en Compostela, o 25 de xullo de 1981 e 1983. Nos anos de prohibición de entrar no Casco Vello, Carballo presentou o acto e aparece con Xosé Agrelo Hermo.

Abaixo, Francisco Carballo participando nunha campaña de galeguización de topónimos en Vigo.



Maceda é o fogar no que naceu o 8 de marzo de 1925 Francisco Carballo.

En particular gustáballe dicir que era de Celeirón na parroquia de Asadur. Cando no libro *Conversas con Francisco Carballo*, revisamos con Santiago Prol aquel tempo inicial, cunha infancia primeira atravesada pola República, o golpe militar e a subseguinte Ditadura, Carballo debuxaba un rapaz que tivo un certo achegamento á lectura, "cando era pequeno había na casa unha cativa biblioteca cuns trinta libros en galego e portugués que lía ansiosamente (...) lembro que a electricidade a puxeran cando eu tiña seis anos. Líase en alto e á lus do candil, pero as lectura eran máis ben de día. Os domingos pola tarde ou n sala cando volvíamos da escola".

Na breve etapa da República a esperanza estaba no ambiente, "os meus pais tiñan a idea de que estudásemos. Era a súa ilusión. Empezamos a estudar moitos da parroquia de Asadur (...) era unha época de lanzamento do campesiñado medio. Os que eran pobres non, porque aínda que era baratísimo, eles non chegaban, pero houbo un gran impulso educativo que decaeu nos anos 40 e non se recuperou ata os 60".

Como a todo o mundo o golpe militar de 1936 marcouno a fogo, "teño na memoria con todo detalle os acontecementos. Meu irmán estudaba nos Milagres; dicíase que andaban homes a queimar paleiras e medas; os obreiros da mina de estaño de Baldrei alborotábanse. Eu vía pasar os avións de guerra por encima da casa. Meu pai foi inimigo da Falanxe e tamén do exército de sublevación. Era antimilitarista e antifalanxista, alérxico a toda violencia. (...) Sabía que había follón porque se mastigaba un ambiente de preocupación. Foi o adeus ás festa do verán, ás da gran ledicia dos lugares e das parroquias"

A frustración do Vaticano II

Ordenado como crego en 1949, Carballo estudou Teoloxía, Historia e Socioloxía en Cuenca, Madrid, Barcelona e Roma; integrouse na orde dos paúles –"a filosofía dos paúles é dedicarse á liberación dos pobres"– e tivo



Francisco Carballo nunha viaxe a Inglaterra.

Carballo fotografado en Vigo co seu amigo Serafin Díaz, co que compartiu o proxecto de mudanza iniciado con outros cregos no barrio obreiro de Lavadores.

Lendo o manifesto da Carreira da Lingua en Vigo, xunto a Valentín Paz Andrade.



destinos diversos ao longo da súa vida, desde director do colexio San Narciso de Marín, superior do centro dos paúles de Barakaldo ou reitor do teologado da orde en Salamanca. Mais se hai que considerar un momento decisivo na súa relación coa igrexa foi o Concilio Vaticano II (1962-1965), vivido en plena madurez e no que tivo participación en comisións formadas pola súa orde en Roma na que tentaban ofrecer propostas de traballo acordes ao vento de apertura e de inculturación do catolicismo. Pero o Concilio frustrou o seu desenvolvemento durante o pontificado de Paulo VI, sobre todo a partir de 1969, e Carballo consideraba nos anos que conversabamos, xa no papado de Bieito XVI, que debía relanzarse un novo conclave universal da igrexa, "o concilio foi puramente enunciativo de verdades, pero non incidiu en camiños prácticos e por iso hoxe está estancado (...) os pasos que se están a dar nos planos ecuménicos das Igrexas son grandes e polo tanto é hora dun novo concilio que transcenda a organización da Igrexa romana e que permita a participación das igrexas ortodoxas, das igrexas da reforma...".

Pese á frustración práctica, foron moitos os cregos que participaron e fixeron experiencias de integración novas e con vontade de transformación social. Tamén Carballo estivo nelas. En Barakaldo por exemplo onde ao tempo de lanzar un colexio aberto ao País Vasco tivo tamén coñecemento do nacionalismo vasco, entabando casual relación co crego Periko Solabarría, co tempo dirixente de HB, "no Barakaldo vello había un clero moi obreirista e nunha parroquia nova que fixeron a carón do colexio, e na que íamos a misa, estaba Solabarría. Era un vicario parroquial radical, obreirista e nacionalista. Levaba unha vida durísima: vivía nun soto, malcomía, traballa de albanel e tiña o consolo na miña casa. Viña onda nós, bañábase, comía, xogaba ao fútbol e tiña unha confianza absoluta connosco. Falaba e daba clases de euskera a pequenos grupos. Xa estaba montando o alicerce das ikastolas. Ía todo moi remansado e no plano cultural.



Intervindo, megáfono na man, na III Asemblea da AN-PG en 1977 en Carballo. En primeiro plano, á dereita, César Varela, co que colaborou na Asociación Cultural de Vigo.

Non había nin remota referencia a ningún tipo de violencia".

E dese tempo en Euskadi gardou gran recordo "tiven un éxito que ninguén me discutiu. Montei un colexio avanzado, progresista, que funcionaba moi ben e tiña a xente moi contenta, con grande éxito académico. Ese logro foi o que me levou despois a Salamanca".

Comprometido con Galicia

A instalación en Vigo deuse en 1973, "a cidade xa soaba como crisol de Galiza. A crise da vida rural estaba totalmente en trance e o futuro íase xogar nas vilas e nas cidades. En Vigo non había Paúles e nós queríamos facer algo diferente. O bispo adscribiunos á parroquia de Santa Cristina de Lavadores e permitiunos ter un local para colaborar co clero e salóns para reunións con xente obreira que era coa que queríamos traballar. Ingresamos no colectivo de curas obreiros, que eramos sete (entre xesuítas e nós). Eu non era un cura obreiro no sentido propio, pero os outros paúles que ían comigo si (Antón Gómez, Isidro López e Serafín García)".

A dedicación profesional de Carballo centrouse no ensino, primeiro na Escola de Maxisterio onde tivo problemas coa policía aínda que xa fora fichado no tempo de reitor de Salamanca, "cando predicaba a *Populorum Progressio* [encíclica central do papado de Paulo VI] nas novenas do santuario dos Milagres, un tipo que nunca souben quen fora, escribiulle ao bispo de Ourense unha carta, na que dicía que fora alí para facer obreirismo. Guiado por estudantes de Salamanca estaba a facer tamén galeguismo. Temiño [obispo integrista da diocese de Ourense] colleu a carta e mandoulla á policía, algo que facía asiduamente para intimidar. Un amigo no corpo policial que fora discípulo avisoume e cando me procesaron polo libro de *Historia de Galicia* en 1981, no xuízo púidena ollar xa ampliada e describíame así: 'Francisco Carballo Carballo, presbítero, rector do teologado dos PP. Paúles en Salamanca, persoa respectábel, vida honesta, profesor de Historia residente en Vigo, actual presidente da Asociación Cultural de Vigo, niño de separatistas'".

O período intenso de dedicación nesa liña de acción obreira dura até 1985 cando sofre o duro golpe persoal da morte do seu compañeiro de piso Serafín García, "dun compromiso excepcional. Era ATS e tiña unha vocación de evanxelizador en toda a súa actividade. Ao quedar só e sen perspectiva de socios da Congregación que aceptasen o proxecto en curso, decidín dar por terminada a etapa (...) chegáramos a Vigo coa idea de crear comunidades cristiás novas, inculturadas e fixemos o que puidemos. Acabárase todo. Sempre fomos algo paralelo, pouco identificados coa clerecía viguesa. A Igrexa da diocese de Vigo-Tui é do máis conservador de Galiza. Non me sentín frustrado pero si canso, porque tampouco tiña cabida aquela idea nosa nos Paúles que involuíron e o esforzo de vinte anos (1965-985) estancouse".

Militante sindical, político e cultural


Aínda que enumerados sinteticamente, os froitos dese tempo vigués foron moi intensos. Nesa época Carballo aparece tamén no gromo sindical nacionalista da Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) e axiña vinculado á política organizada nacionalista, sendo nese período candidato ao Senado nas primeiras eleccións de 15 de xuño de 1977 pola coalición BNPG, e posteriormente encabezando as lista do BNG ao congreso. Carballo chegou a formar parte da dirección do BNG, fundado en 1982. Unha militancia sindical e política que sempre acompañou en paralelo os seus outros emprendimentos culturais e intelectuais, e reivindicou como trepidante e acorde co proxecto que o trouxera a Vigo desde Salamanca.

Dese tempo de Vigo quizais sexa o esforzo dedicado á asociación cultural o máis cativador, xunto co seu decisivo compromiso persoal e económico na continuidade da empresa editora do semanario A Nosa Terra, da que foi presidente na etapa máis difícil. "Entrei na Cultural aos quince días de chegar a Vigo. Ao comezo só participei nas conferencias que convocaban. A Asociación Cultural utilizouse

A FICHA POLICIAL DESCRIBÍA CARBALLO: "PRESBÍTERO, RECTOR DO TEOLOGADO DOS PP. PAÚLES EN SALAMANCA, PERSOA RESPECTÁBEL, VIDA HONESTA, PROFESOR DE HISTORIA RESIDENTE EN VIGO". ACTUALIZADA EN 1981 ENGADÍA: "ACTUAL PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE VIGO, NIÑO DE SEPARATISTAS"

como plataforma política naquela época. Primeiramente por todo o galeguismo e o antifranquismo. Logo foi indo na liña da UPG. Os vellos galeguistas empezaron a retirarse, tamén se retiraron os do Partido Comunista e quedou practicamente en mans do nacionalismo. No período 1976-1978 servía de local para todo porque non había outro. Logo empezaron os sindicatos e os partidos a ter sedes e cando marcharon empezamos a facer cultura nós".

Foi baixo a súa dirección o tempo máis activo da asociación "facíamos cursos de galego, que xa tiñan unha longa tradición, pero tamén ciclos de conferencias sobre historia de Galicia, e elaboramos unhas montaxes audiovisuais sobre Rosalía e Historia de Galicia que percorreron o país; organizamos as excursións *Coñecer Galicia* que dirixiamos César Varela e eu, e nos quitaron da penuria económica. Co ciclo de conferencias "A paz no mundo", tivemos un éxito enorme, e viñeron Araújo Iglesias, Xan Barxa de Quiroga, Mario Benedetti, Joaquín Ruiz Giménez, Costa Gómes ou Barreiro Fernández". E non sinalaba o momento estelar do concerto en 1983 de Theodorakis en Vigo, no que cando saíu a presentalo no pavillón das Travesas, confundírono co músico grego e ovacionárono. Lembrado co tempo foi un aplauso máis que merecido por toda a adicación e o empeño que Francisco Carballo prestou ao seu país. Pedímoslle un epílogo e resumíunolo por escrito: "Fun profesor desde os 24 anos, dirixin centros e unha empresa. Sempre ao servizo dos máis necesitados. Cando observo a persoas que buscan acaparar bens a costa doutros, percibo a inxustiza e lamento coñecelas. Son galego de nación, cristián por convicción, rezo: 'Xesús, maranate, ven Señor'. Amo a miña patria, Galiza: o seu mar salobre dos poemas de Manuel Antonio e Eduardo Blanco Amor; a liberdade da Estirpe que di Méndez Ferrín, a esperanza dun pobo enaltecido por Rosalía e Castelao. Levo nos ollos a melancolía de Virxilio, de Bernanos, dos dramas procelosos de Sófocles e Shakespeare".



Escola de historiadores

A obra escrita de Carballo é abundosa en libros e múltiples textos en revistas e xornais. Na adicación á actualidade a maioría esmagadora de escritos seus pode consultarse na hemeroteca de A Nosa Terra, na que ten presenza continua desde o momento fundacional no que aparece en 1978, até o adeus de 2010. Seguiu na brecha, aínda na fronteira dos noventa anos, en Sermos Galiza, sempre atento á actualidade.

A outra ponla intelectual, sempre fresca e actuante está nos seus múltiples libros, en especial os adicados á historia da Igrexa galega e ao período histórico que máis investigou das etapas moderna e contemporánea. Dirixiu nos anos 90 a colección Historia de Galicia de Edicións A Noa Terra, na que nucleou unha boa escola de historiadores e esa participación en libros de grande divulgación déronlle pracer e disgostos. O libro Historia de Galicia editado pola Fronte Cultural da ANPG, con Felipe Senén, Anselmo López Carreira e Barreiro Fernández, provocou un proceso xudicial que aborreceu, e que sinalaba as limitacións democráticas da época, e ameazaba con encarceralo por ter afirmado que Xosé Ramón Reboiras fora "asasinado". Sofreu moito esa época pero finalmente foi absolvido. Quizais esa non renuncia á verdade estivese detrás da súa aparición nas listas de civís a eliminar elaboradas polos golpistas da trama civil de 1981 que nunca foi investigada. Ben mirado, un novo galardón á traxectoria democrática, galega e antifascista de Francisco Carballo.

Con Bieito Alonso, Lois Obelleiro e Anselmo López Carreira, presentando a Historia de Xeral de Galicia.

No centro, participando na Marcha Antinuclear a Xove no ano 1979.